

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

973 *REAL DECRETO 1580/2006, do 22 de decembro, polo que se regula a compatibilidade electromagnética dos equipamentos eléctricos e electrónicos.* («BOE» 15, do 17-1-2007.)

O Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, modificado polo Real decreto 1950/1995, do 1 de decembro, estableceu os procedementos de avaliación e os requisitos de protección relativos á compatibilidade electromagnética dos equipamentos, sistemas e instalacións.

O devandito real decreto e a súa modificación viñan traspoñer a Directiva 89/336/CEE, do Consello, do 3 de maio de 1989, relativa á compatibilidade electromagnética, e as súas modificacións posteriores realizadas mediante as directivas 92/31/CEE, do 28 de abril de 1992 e 93/68/CEE, do 22 de xullo de 1993.

Posteriormente o Parlamento e o Consello da Unión Europea adoptaron, con data do 15 de decembro de 2004, a Directiva 2004/108/CE, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de compatibilidade electromagnética e pola que se derroga a Directiva 89/336/CEE.

En cumprimento das obrigas derivadas do indicado no artigo 16 da citada directiva, é preciso ditar as disposicións nacionais que recollan e adopten as previsións contidas na devandita directiva.

Este real decreto ten por obxecto traspoñer á lexislación nacional a citada Directiva 2004/108/CE, harmonizando as disposicións nacionais de protección fronte ás perturbacións electromagnéticas, para garantir neste ámbito e no funcionamento do mercado interior a libre circulación de aparellos eléctricos e electrónicos.

No marco establecido pola Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, así como polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, esta disposición regula a compatibilidade electromagnética dos equipamentos eléctricos e electrónicos e trata de asegurar que as radiocomunicacións, as redes de subministración eléctrica, as redes de telecomunicacións e os equipamentos conectados a estas redes estean protexidos contra as perturbacións electromagnéticas. Para lograr este obxectivo, os fabricantes de equipamentos eléctricos e electrónicos deberán construílos de tal forma que os demais equipamentos ou as redes non se vexan afectados por unha degradación inaceptable do servizo cando se utilicen en condicións operativas normais, e os operadores de redes deberan construír de modo que os fabricantes de equipamentos que se poidan conectar a elas non se vexan expostos a trabas desproporcionadas para evitar a degradación do servizo nas devanditas redes, todo iso tendo en conta tamén os aspectos acumulativos de fenómenos electromagnéticos que se poidan orixinar.

De acordo co disposto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta disposición foi sometida ao trámite de audiencia, remitíndose aos sectores industriais afectados. Así mesmo, foron consultados os órganos competentes das comunidades autónomas e sometidos ao Consello de Coordinación para a Seguridade Industrial.

De acordo co disposto no punto 2 da disposición adicional quinta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, a presente disposición foi sometida a informe do Consello Asesor das Telecomunicacións e para a

Sociedade da Información. Por outra banda, foi emitido informe pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de decembro de 2006, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto regula a compatibilidade electromagnética dos equipamentos eléctricos e electrónicos que poidan crear perturbacións electromagnéticas, ou cuxo normal funcionamento se poida ver prexudicado polas devanditas perturbacións, exixindo que cumpran un nivel axeitado de compatibilidade electromagnética co fin de garantir o funcionamento do mercado interior.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos de aplicación deste real decreto, entenderase por:

- a) «Equipamento»: calquera aparello ou instalación fixa.
- b) «Aparellos»: calquera aparello rematado, ou unha combinación deles comercializada como unidade funcional única destinada ao usuario final, e que poida xerar perturbacións electromagnéticas, ou cuxo funcionamento se poida ver afectado por estas perturbacións.
- c) «Instalación fixa»: combinación particular de varios tipos de aparellos e, cando proceda, doutros dispositivos, ensamblados, instalados e destinados a un uso permanente nunha determinada localización.
- d) «Compatibilidade electromagnética»: capacidade de que un equipamento funcione de forma satisfactoria no seu ambiente electromagnético e sen introducir perturbacións electromagnéticas intolerables para outros equipamentos nese ámbito.
- e) «Perturbación electromagnética»: calquera fenómeno electromagnético que poida crear problemas de funcionamento a un equipamento. Unha perturbación electromagnética pode consistir nun ruído electromagnético, un sinal non desexado ou unha modificación do propio medio de propagación.
- f) «Inmunidade»: aptitude dun equipamento para funcionar da forma prevista sen experimentar unha degradación en presenza de perturbacións electromagnéticas.
- g) «Ambiente electromagnético»: todos os fenómenos electromagnéticos observables nun lugar determinado.
- h) «Especificación técnica»: especificación que figura nun documento onde se definen as características técnicas dun equipamento, así como os procedementos para a verificación das devanditas características, que permitan o correcto funcionamento deste e que o capacite para o fin previsto para o cal foi deseñado.
- i) «Norma»: toda especificación técnica adoptada por un organismo de normalización recoñecido.
- j) «Norma harmonizada»: toda norma adoptada, conforme un mandato da Comisión Europea, de conformidade cos procedementos establecidos na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, para os efectos de establecer un requisito europeo, cuxa observancia non é obrigatoria.
- k) «Norma harmonizada pola Unión Europea»: aquela norma harmonizada cuxa referencia, polo menos,

está publicada no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

l) «Comercialización»: a acción de poñer por primeira vez un aparello, incluído neste real decreto (referido a cada aparello individualmente considerado), á disposición (a título oneroso ou gratuito) do mercado comunitario de cara á súa distribución e uso na Comunidade Europea.

m) «Posta en servizo»: ten lugar no momento da primeira utilización dun aparello incluído neste real decreto dentro do mercado comunitario por parte do usuario final.

n) «Fabricante»: persoa física ou xurídica responsable do deseño e fabricación dun equipamento incluído neste real decreto de cara á súa comercialización e utilización no mercado comunitario por conta propia.

O fabricante asume a responsabilidade exclusiva e absoluta da conformidade do seu equipamento incluído neste real decreto, tanto se o deseñou ou fabricou el mesmo coma se se considera fabricante polo feito de que o equipamento se comercializa por conta súa.

o) «Representante autorizado ou mandatario»: persoa física ou xurídica, establecida dentro da Comunidade Europea, designada expresamente polo fabricante para actuar no seu nome no desempeño de determinadas tarefas exixidas por este real decreto.

p) «Importador»: persoa física ou xurídica, establecida na Comunidade Europea, que comercializa un equipamento incluído neste real decreto, procedente dun país terceiro no mercado comunitario.

No caso de que o fabricante non estea establecido na Comunidade Europea e non teña un representante autorizado nesta, o importador debe garantir que está en condicións de lles facilitar, se é o caso e cando así se exixa neste real decreto, ás autoridades de vixilancia de mercado a información necesaria sobre o equipamento (Declaración CE de conformidade e documentación técnica).

q) «Organismo notificado»: organismo designado para levar a cabo as tarefas relacionadas con determinado procedemento de avaliación da conformidade contido neste real decreto, cando se require a intervención de terceira parte. Estes organismos son comunicados pola Administración xeral do Estado, mediante o procedemento de notificación establecido, aos servizos da Comisión Europea.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste real decreto aplicarase aos equipamentos, acabados e comercializados no mercado comunitario, definidos na alínea a) do artigo 2. Entre os equipamentos que cobre o ámbito de aplicación deste real decreto inclúense tanto os aparellos como as instalacións fixas. Non obstante, débense establecer disposicións distintas para cada grupo, por canto os aparellos poden circular libremente dentro do territorio comunitario e as instalacións fixas se instalan para un uso permanente nunha localización determinada e non circulan pola Unión Europea.

2. Neste sentido e para os efectos do ámbito da súa aplicación, tamén se considerarán aparellos:

a) os «compoñentes» ou «subconxuntos» destinados a ser incorporados nun aparello polo usuario final, que poidan xerar perturbacións electromagnéticas, ou cuxo funcionamento se poida ver afectado por estas perturbacións,

b) as «instalacións móbiles», definidas como unha combinación de aparellos e, se é o caso, doutros dispositivos, destinadas a ser trasladadas e utilizadas en diversos lugares. Para os efectos previstos neste real decreto non terán a consideración de instalacións móbiles as ins-

talacións que non funcionen nin se poidan poñer en servizo mentres se están a trasladar.

3. Este real decreto non se aplicará especificamente:

a) aos equipamentos cubertos pola Directiva 1999/5/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 1999, sobre equipamentos radioeléctricos e equipamentos terminais de telecomunicación e recoñecemento mutuo da súa conformidade, trasposta á lexislación española mediante o Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións; salvo que o fabricante ou o seu mandatario establecido na Unión Europea decidise aplicar os procedementos establecidos no artigo 18.2 do Regulamento que incorpora o citado real decreto.

b) aos produtos, compoñentes e equipamentos aeronáuticos mencionados no Regulamento (CE) n.º 1592/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2002, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, modificado polo Regulamento (CE) n.º 1701/2003, da Comisión, do 24 de setembro de 2003, polo que se adapta o artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1592/2002, do Parlamento Europeo e do Consello.

c) aos equipamentos de radio utilizados por radioaficionados, no sentido do Regulamento de radiocomunicacións adoptado no marco da Constitución e o Convenio da Unión Internacional de Telecomunicacións, salvo que os equipamentos sexan comercializados. Non se considerarán equipamentos comercializados os kits de compoñentes para ser montados por radioaficionados e os equipamentos comerciais modificados por e para o uso destes radioaficionados.

4. O presente real decreto tampouco se aplicará aos equipamentos intrinsecamente inocuos en compatibilidade electromagnética cuxas características físicas sexan tales que:

a) non poidan xerar ou contribuír ás emisións electromagnéticas que superen un nivel que lles impida aos equipamentos de radio e de telecomunicacións, e a outros equipamentos, funcionar da forma prevista; e

b) funcionen sen unha degradación inaceptable en presenza de perturbacións electromagnéticas normais derivadas do seu uso previsto.

5. Cando existan outras directivas comunitarias que regulen dunha forma máis específica todos ou parte dos requisitos considerados no anexo I deste real decreto; no caso de equipamentos a que se refire o punto 1, este non se aplicará, ou deixará de se aplicar, a ese equipamento no que respecta aos devanditos requisitos a partir da data de aplicación das citadas directivas.

6. O presente real decreto non afectará a aplicación da lexislación comunitaria ou nacional que rexe a seguridade dos equipamentos, entendendo como tales a protección á saúde e seguridade dos usuarios.

Artigo 4. *Importación, comercialización e posta en servizo.*

A Administración xeral do Estado ou as autoridades competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, adoptarán todas as medidas adecuadas para garantir que só se comercialicen e poñan en servizo os equipamentos que cumpran os requisitos deste real decreto cando estean instalados, mantidos e utilizados correctamente para os fins previstos.

Non se poderán importar equipamentos que non cumpran co disposto neste real decreto, salvo que estean incluídos nas excepcións previstas neste.

Artigo 5. *Libre circulación dos equipamentos.*

1. Non se prohibirá, limitará, nin obstaculizará, por motivos de compatibilidade electromagnética, a importación, comercialización e posta en servizo dos equipamentos que cumpran este real decreto, salvo as excepcións previstas nos puntos 2 e 3 deste artigo.

2. Os requisitos deste real decreto non impedirán a aplicación das seguintes medidas especiais, relativas á posta en servizo ou uso de equipamentos:

a) medidas para superar un problema existente ou previsto de compatibilidade electromagnética nun lugar específico; e

b) medidas adoptadas por motivos de seguridade para protexer as redes públicas de telecomunicacións ou as estacións receptoras ou transmisoras cando se utilicen con fins de seguridade emitindo en frecuencias autorizadas e ben definidas.

3. Non se obstaculizará a presentación, mostra ou demostración en feiras comerciais, exposicións ou acontecementos similares, de equipamentos que non cumpran co establecido neste real decreto, sempre que se indique claramente, mediante un sinal visible, que estes equipamentos non se poderán comercializar ou poñer en servizo mentres non se axusten a este real decreto. A demostración só poderá ter lugar se se toman as medidas axeitadas para evitar perturbacións electromagnéticas.

Artigo 6. *Requisitos esenciais.*

Os equipamentos mencionados na alínea a) do artigo 2 cumprarán os requisitos esenciais que figuran no anexo I. Iso deberá ser tido en conta tanto nos procesos de deseño coma de fabricación dos equipamentos citados.

Artigo 7. *Normas harmonizadas.*

1. As normas harmonizadas, cuxo cumprimento non é obrigatorio, reflicten tecnicamente os últimos progresos xeralmente recoñecidos polo que respecta á compatibilidade electromagnética na Unión Europea. Son especificacións técnicas adoptadas por un organismo de normalización europeo recoñecido baixo o mandato da comisión, co obxecto de establecer un requisito europeo.

2. Presumírase a conformidade cos requisitos esenciais indicados no anexo I deste real decreto se se verificou a conformidade do equipamento mediante o cumprimento das normas harmonizadas publicadas no «Diario Oficial de la Unión Europea», baixo o ámbito da Directiva 2004/108/CE, do 15 de decembro de 2004.

Esta presunción de conformidade limitarase ao ámbito das normas harmonizadas aplicadas e aos requisitos esenciais pertinentes cubertos por tales normas harmonizadas.

3. Cando a Administración xeral do Estado considere que a norma harmonizada pola Unión Europea non satisfai totalmente os requisitos esenciais mencionados no anexo I, levará esta cuestión ante o comité permanente creado pola Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, sinalando os seus motivos.

Unha vez recibido o ditame do devandito comité e unha vez que a Comisión Europea adopte unha decisión e llela comunique aos Estados membros, a Administración xeral do Estado adoptará as medidas pertinentes para a súa aplicación coa maior brevidade posible.

CAPÍTULO II

Aparellos

Artigo 8. *Procedemento de avaliación da conformidade dos aparellos.*

A conformidade dun aparello cos requisitos esenciais establecidos no anexo I demostrarase mediante o procedemento descrito no anexo II (control interno de fabricación).

Non obstante, a elección do fabricante ou do seu representante autorizado na Comunidade Europea, poderase utilizar tamén o procedemento descrito no anexo III.

Artigo 9. *Marcación CE.*

1. Os aparellos cuxo cumprimento con este decreto fose realizado mediante algún dos procedementos establecidos no artigo 8 levarán a marcación CE, confirmando dese modo que a avaliación realizada foi completa e correcta. A colocación da marcación CE será responsabilidade do fabricante ou do seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea. A marcación CE colocarse de conformidade co anexo V.

2. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para prohibir a colocación no aparello, no seu envase ou nas instrucións de uso doutro tipo de marcacións similares, ben sexa en significado ou forma gráfica, que poidan inducir a erro a terceiros e crear confusión coa marcación CE.

3. Poderase colocar calquera outra marcación no aparello, no seu envase ou nas instrucións de uso, coa condición de que non afecte a visibilidade ou lexibilidade da marcación CE.

4. Sen prexuízo do artigo 11, se a autoridade competente determina que a marcación CE se colocou indebidamente, o fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea axustará o aparello ás disposicións relativas á marcación CE. En todo caso, a autoridade competente adoptará as medidas apropiadas contra os responsables da fixación da devandita marcación ou contra a persoa ou persoas responsables da comercialización do produto no mercado nacional.

Artigo 10. *Outras marcacións e información.*

1. Cada aparello identificarase en termos de tipo, lote, número de serie ou calquera outra información que permita a súa identificación.

2. Cada aparello irá acompañado do nome e do enderezo do fabricante e, se non está establecido dentro da Comunidade Europea, do nome e o enderezo do seu representante autorizado ou da persoa establecida dentro da Comunidade Europea responsable da comercialización do aparello no mercado comunitario.

3. O fabricante proporcionará información sobre calquera precaución específica que se deba tomar ao montar, instalar, manter ou utilizar o aparello, co obxecto de garantir que, unha vez posto en servizo, o aparello cumpra os requisitos de protección establecidos no punto 1 do anexo I.

4. Os aparellos cuxo cumprimento dos requisitos de protección non estea garantido en ámbitos ou zonas residenciais irán acompañados dunha clara indicación desta restrición de utilización, que tamén aparecerá, se procede, no envase.

Consideraranse ámbitos ou zonas residenciais os lugares, como por exemplo edificios ou apartamentos destinados a vivendas, caracterizados por estaren alimentados directamente en baixa tensión (ata 1000v) pola rede eléctrica ou por unha fonte de corrente continua específica (ata 1500v), destinada a servir de interface entre os

aparells conectados e a rede eléctrica de alimentación de baixa tensión.

5. A información necesaria para permitir unha utilización conforme os fins previstos do aparello estará recollida nas instrucións que acompañen o aparello.

6. Toda a información a que se refiren os puntos 3, 4 e 5 deberá estar redactada en castelán, podendo incorporar ademais outros textos idénticos noutros idiomas.

Artigo 11. *Salvagardas.*

1. Cando as autoridades competentes comprobén que un aparello coa marcación CE incumpe os requisitos deste real decreto, adoptarán todas as medidas adecuadas para retiralo do mercado, prohibir a súa comercialización ou posta en servizo, ou restrinxir a súa libre circulación e tomarán as medidas necesarias contra quen fixase a devandita marcación ou puxese o aparello no mercado nacional.

2. A Administración que adoptar algunha destas medidas comunicarllo inmediatamente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que, pola súa vez, informará a Comisión Europea e os demais Estados membros sobre calquera medida deste tipo, indicando os motivos e especificando, en particular, se a non-conformidade obedece:

a) ao incumprimento dos requisitos esenciais mencionados no anexo I, cando o aparello non cumpre as normas harmonizadas estipuladas no artigo 7;

b) á incorrecta aplicación das normas harmonizadas estipuladas no artigo 7; ou

c) a deficiencias das normas harmonizadas estipuladas no artigo 7.

3. A Administración xeral do Estado adoptará as medidas oportunas atendendo á información da Comisión Europea sobre a xustificación da medida.

4. Cando a medida mencionada no punto 1 se adoptase como consecuencia dunha deficiencia nas normas harmonizadas, a Administración xeral do Estado deberá iniciar o procedemento previsto no punto 3 do artigo 7 para manter a aplicación de tal medida.

5. Cando os aparellos non conformes se sometesen ao procedemento de avaliación da conformidade regulado no anexo III, as autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias con respecto ao autor da declaración establecida no punto 3 do anexo III e comunicaranllo, se é o caso, á Administración xeral do Estado, que, pola súa vez, informará a Comisión Europea e os demais Estados membros.

Artigo 12. *Decisións en materia de retirada, prohibición ou restrición da libre circulación dos aparellos.*

1. Calquera decisión adoptada de conformidade con este real decreto sobre a retirada dun aparello do mercado, a prohibición ou restrición da súa comercialización ou posta en servizo, ou a restrición da súa libre circulación, incluírá a motivación exacta en que se basea a devandita decisión. Estas decisións notificaranse coa maior brevidade á parte afectada, á cal se informará ao mesmo tempo dos recursos dispoñibles e dos prazos para a súa presentación, consonte o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En caso de que se adopte unha decisión consonte o punto 1, o fabricante, o seu representante autorizado ou calquera outra parte interesada poderán presentar por adiantado a súa opinión, a non ser que sexa imposible debido á urxencia da medida que se deba adoptar, en particular, por necesidades de interese público.

Artigo 13. *Organismos notificados.*

1. Os organismos notificados españois que interveñen no procedemento de avaliación da conformidade

consonte o anexo III deste real decreto deberán cumprir as condicións mínimas definidas nos criterios para a avaliación establecidas no anexo VI deste real decreto.

2. Establécense dous tipos de organismos notificados en España:

a) Os organismos notificados para avaliar o cumprimento dos requisitos esenciais determinados neste real decreto en equipamentos de telecomunicación e

b) os organismos notificados para avaliar o cumprimento dos requisitos esenciais fixados neste real decreto no resto de equipamentos aos cales sexa de aplicación.

3. En España, désígnase como organismo notificado a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para os equipamentos de telecomunicación. O procedemento de designación doutros organismos notificados para este tipo de equipamentos regularase mediante orde ministerial, en que se determinará:

a) alcance da designación,

b) os requisitos para obter a designación,

c) as causas de extinción da designación e

d) os dereitos e obrigas das entidades designadas

4. Os organismos notificados que se designen para equipamentos diferentes dos de telecomunicación aos cales lles é aplicable este real decreto deberán ter a condición de organismos de control autorizados a que se refire o capítulo I do título III da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, desenvolvido no capítulo IV do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro. Para iso solicitaranlle previamente á Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) a súa correspondente acreditación para actuar como organismo de control, presentando ante esa entidade a información completa que permita comprobar o cumprimento dos criterios mencionados no anexo VI, acompañando os correspondentes elementos xustificativos.

5. Os organismos de control a que se fai referencia no punto 4 deberán ser autorizados polo órgano competente do territorio autonómico onde os organismos inicien a súa actividade ou radiquen as súas instalacións e seguindo os procedementos establecidos na citada Lei de industria e normativa que a desenvolva. O órgano competente da comunidade autónoma que tramite e outorgue a autorización remitiralle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio copia da autorización concedida para levar a cabo as funcións recollidas no anexo III, para os efectos da súa difusión nacional e eventual comunicación ás demais administracións competentes, indicando expresamente se os organismos se autorizaron para todos os aparellos cubertos por este real decreto e os requisitos esenciais mencionados no anexo I, ou se o alcance da autorización se limita a determinados aspectos específicos ou categorías de aparellos.

6. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio notificaralle á Comisión Europea os organismos que fosen designados para levar a cabo as funcións recollidas no anexo III, tanto para equipamentos de telecomunicación coma para o resto de equipamentos.

7. A lista dos organismos notificados e as súas actualizacións publicaranse no «Diario Oficial de la Unión Europea» de acordo coa normativa comunitaria que regula esta materia.

8. Os organismos notificados designados serán inspeccionados de forma periódica.

9. Os organismos de control autorizados, segundo o disposto no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, antes citado, serán inspeccionados polo órgano competente da comunidade autónoma que os autorizou, para os efectos de comprobar que cumpran fielmente o seu labor en relación coa aplicación deste real decreto.

En caso de se comprobar que un organismo notificado deixou de cumprir as condicións establecidas no punto 1, a Administración competente que outorgou a autorización retiraralla e daralle conta inmediatamente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que, pola súa vez, llelo comunicará ás restantes administracións competentes, así como á Comisión Europea e aos demais Estados membros, para os efectos de cancelación da notificación e da exclusión deste organismo da lista mencionada no punto 7.

10. Presumirase que os organismos que cumpran os criterios de avaliación establecidos nas normas harmonizadas pertinentes tamén cumpren as condicións mínimas sobre os criterios para a avaliación dos organismos establecidos no anexo VI deste real decreto. Esta presunción de conformidade limitarase ao ámbito das normas harmonizadas aplicadas e as condicións mínimas establecidas no citado anexo VI cubertas por tales normas harmonizadas, que, de acordo co establecido pola normativa comunitaria, aparecerán publicadas no «Diario Oficial de la Unión Europea». Non obstante, neste caso, a autoridade competente responsable da designación poderá establecer requisitos adicionais para a súa autorización.

CAPÍTULO III

Instalacións fixas

Artigo 14. *Instalacións fixas.*

1. O aparello comercializado e que se poida incorporar a unha instalación fixa estará suxeito a todas as disposicións pertinentes para os aparellos establecidas neste real decreto.

Non obstante, o disposto nos artigos 6, 8, 9 e 10 non será obrigatorio no caso dun aparello destinado á súa incorporación nunha instalación fixa concreta e que, doutra forma, non se comercializaría. En tales casos, a documentación adxunta co aparello identificará a instalación fixa e as súas características de compatibilidade electromagnética e indicará as precaucións que se deban tomar para que a incorporación do aparello na instalación fixa non comprometa a conformidade da devandita instalación. Ademais, incluírá a información mencionada nos puntos 1 e 2 do artigo 10.

2. Cando haxa indicios sobre a non-conformidade da instalación fixa, especialmente cando existan queixas sobre perturbacións que esta xere, as autoridades competentes poderán solicitar probas da conformidade da instalación fixa e, cando proceda, realizarán unha avaliación.

Cando se demostre a non-conformidade, as autoridades competentes poderán impoñer medidas axeitadas para que a instalación fixa cumpra os requisitos de protección establecidos no punto 1 do anexo I.

3. A conformidade dunha instalación fixa coas condicións e cos requisitos exixidos conforme este real decreto e o seu mantemento será responsabilidade do propietario e, se é o caso, do titular da instalación.

CAPÍTULO IV

Control e actuación administrativa

Artigo 15. *Órganos competentes.*

1. Para os equipamentos de telecomunicación, o órgano competente para a aplicación do disposto neste real decreto será o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

2. Para o resto dos equipamentos a que se lles aplica este real decreto, os órganos competentes serán os correspondentes das comunidades autónomas, de acordo co disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria e demais disposicións aplicables en materia de industria.

Artigo 16. *Réxime sancionador.*

Os incumprimentos do establecido neste real decreto sancionaranse, segundo corresponda, consonte o establecido no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións e, se é o caso, nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Disposición adicional única. *Referencias ao Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións.*

1. Todas as referencias que no Regulamento polo que se establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, se realizan ao Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, deberán entender efectuadas a este real decreto.

2. Sen prexuízo do establecido neste real decreto, todas as disposicións contidas no Regulamento polo cal se establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado mediante o Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, relativas a actividades de vixilancia do mercado, procedementos de retirada do mercado de equipamentos e aparellos, aplicación de medidas de salvagarda por outros Estados membros da Unión Europea, réxime sancionador, incautación de aparellos e devolución de aparellos incautados, sempre referidas a equipamentos e aparellos de telecomunicación, serán aplicables aos equipamentos de telecomunicación a que lles resulte aplicable este real decreto.

Disposición transitoria única. *Validez das avaliacións realizadas segundo o Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, polo que se establecen os procedementos de avaliación da conformidade e os requisitos de protección relativos a compatibilidade electromagnética dos equipamentos, sistemas e instalacións.*

1. Malia o disposto na disposición derogatoria única, poderán seguir comercializándose e poñendo en servizo ata o 20 de xullo de 2009 os equipamentos que cumpran o establecido no Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, e que fosen comercializados antes do 20 de xullo de 2007, baixo os seguintes criterios de aplicación:

a) Os aparellos para os que o fabricante ou o seu representante autorizado fixesen pública, antes do 20 de xullo de 2007, unha declaración de conformidade consonte o procedemento de avaliación do artigo 8 do Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, poderanse continuar fabricando e comercializando ata o 20 de xullo de 2009.

b) Os aparellos para os que o fabricante ou o seu representante autorizado obtivesen, antes do 20 de xullo de 2007, un informe técnico ou certificado dun organismo competente consonte o procedemento de avaliación do artigo 9 do Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, poderanse continuar fabricando e comercializando ata o 20 de xullo de 2009.

2. Considérase que as instalacións fixas están excluídas do alcance e aplicación do período transitorio, por canto a súa aplicación se establece para equipamentos

que son postos no mercado e as instalacións fixas son postas en servizo, pero non son postas en mercado. Por conseguinte, as instalacións fixas postas en servizo despois do 20 de xullo de 2007 terán que cumprir con este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derrogado o Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, polo que se establece os procedementos de avaliación da conformidade e os requisitos de protección relativos a compatibilidade electromagnética dos equipamentos, sistemas e instalacións.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.^a e 21.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da economía e sobre telecomunicacións, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2004/108/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de compatibilidade electromagnética e pola que se derroga a Directiva 89/336/CEE.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento, aplicación e adaptación do real decreto.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo é facultado para modificar, mediante orde ministerial, as condicións técnicas establecidas neste real decreto e, en particular, nos seus anexos, para mantelo adaptado ás innovacións que se produzan no estado da técnica na materia e especialmente ao disposto nas normas de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Publicidade de normas harmonizadas e organismos notificados.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio publicará mediante resolución do centro directivo competente, con carácter informativo, as listas correspondentes ás normas harmonizadas e aos organismos de control autorizados e notificados aos servizos da Comisión Europea para actuar no ámbito deste real decreto.

Ademais de publicarse no «Boletín Oficial del Estado», as ditas listas publicaranse, co mesmo carácter informativo, na páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

ANEXO I

Requisitos esenciais

1. Requisitos de protección.

O deseño e fabricación dos equipamentos, tendo en conta que os avances máis recentes asegurarán:

a) que as perturbacións electromagnéticas xeradas queden limitadas a un nivel que lles permita aos equipamentos de radio e de telecomunicacións ou a outros equipamentos funcionar co fin para o que foron previstos e

b) un nivel de protección fronte ás perturbacións electromagnéticas previsibles que lle permita ao equipamento funcionar sen unha degradación inaceptable no seu uso previsto.

2. Requisitos específicos para as instalacións fixas

As instalacións fixas deberán cumprir os seguintes requisitos específicos e adicionais en relación coa instalación e uso previsto dos compoñentes:

a) Ser realizadas por persoal competente, de forma que se garanta as boas prácticas de enxeñaría. Se un organismo notificado intervéen e emite unha declaración confirmando o cumprimento sobre aqueles aspectos dos requisitos esenciais dunha instalación fixa que deban ser avaliados polo devandito organismo, enténdese que as boas prácticas de enxeñaría foron aplicadas correctamente no ámbito avaliado polo devandito organismo notificado.

b) Ser realizadas de conformidade coa información sobre o uso previsto das súas compoñentes, de cara a cumprir os requisitos de protección establecidos no punto 1.

c) As boas prácticas de enxeñaría deberán estar documentadas e o responsable da instalación realizada deberá manter a devandita documentación á disposición das autoridades competentes con fins de inspección durante o funcionamento da instalación fixa ou mentres estea en servizo.

ANEXO II

Procedemento de avaliación da conformidade a que se refire o artigo 8 (control interno de fabricación)

1. O fabricante efectuará unha avaliación da compatibilidade electromagnética do aparello, baseada nos fenómenos pertinentes, de cara a cumprir os requisitos de protección que figuran no punto 1 do anexo I. A aplicación correcta de todas as normas harmonizadas pertinentes cuxas referencias fosen publicadas no «Diario Oficial de la Unión Europea» será equivalente á realización da avaliación de compatibilidade electromagnética.

2. A avaliación de compatibilidade electromagnética terá en conta todas as condicións normais previstas de funcionamento. Nos casos en que o aparello poida ter diversas configuracións, a avaliación da compatibilidade electromagnética confirmará se o aparello, en todas as configuracións posibles identificadas polo fabricante como representativas do seu uso previsto, cumpre os requisitos de protección establecidos no punto 1 do anexo I. En tales casos, é suficiente realizar unha avaliación sobre a base da configuración que máis probabilidades teña de provocar as perturbacións máximas e da configuración máis susceptible a estas perturbacións.

3. De conformidade coas disposicións establecidas no anexo IV, o fabricante redactará a documentación técnica que demostre a conformidade do aparello cos requisitos esenciais deste real decreto.

O fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea manterá a documentación técnica á disposición das autoridades compe-

tentes durante un período de polo menos 10 anos despois da data en que este aparello se fabricou por última vez.

4. De conformidade coas disposicións establecidas no anexo IV, o fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea emitirá unha declaración CE de conformidade certificando que o aparello cumpre todos os requisitos esenciais pertinentes.

O fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea manterá a declaración CE de conformidade á disposición das autoridades competentes durante un período de polo menos 10 anos despois da data en que este aparello se fabricou por última vez.

5. En caso de que nin o fabricante nin o seu representante autorizado estean establecidos dentro da Comunidade Europea, o importador ou, se é o caso, a persoa que comercialice ou introduza o aparello no mercado comunitario será responsable de manter a declaración CE de conformidade e a documentación técnica á disposición das autoridades competentes.

6. O fabricante adoptará todas as medidas necesarias para que o proceso de fabricación garanta a conformidade dos produtos fabricados coa documentación técnica establecida no punto 3 e coas disposicións deste real decreto que lles sexan aplicables.

7. A documentación técnica e a declaración CE de conformidade redactaranse de conformidade coas disposicións do anexo IV.

ANEXO III

Procedemento de avaliación da conformidade a que se refire o artigo 8

Este procedemento consiste en aplicar o anexo II, que se completará como segue:

1. O fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea presentará a documentación técnica ao organismo notificado mencionado no artigo 13 e pedirá unha avaliación ao devandito organismo. O fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea especificará ao organismo notificado aqueles aspectos dos requisitos esenciais que deban ser avaliados polo organismo notificado.

2. O organismo notificado revisará a documentación técnica e avaliará se a devandita documentación demostra debidamente que se cumpriron os requisitos deste real decreto que debe avaliar. Se se confirma o cumprimento dos requisitos polos aparellos, o organismo notificado presentará unha declaración ao fabricante ou ao seu representante autorizado establecido dentro da Comunidade Europea que confirme o cumprimento. Esta declaración incluírá os aspectos dos requisitos esenciais avaliados polo organismo notificado.

3. O fabricante incorporará a declaración do organismo notificado á documentación técnica.

ANEXO IV

Documentación técnica e Declaración CE de conformidade

1. Documentación técnica

A documentación técnica, redactada nalgunha das linguas oficiais da Unión Europea e preferentemente en castelán para os aparellos comercializados en España, debe permitir verificar a conformidade do aparello cos requisitos esenciais que se deben valorar. Ha de cubrir o deseño e fabricación do aparello e, en particular, haberá de conter:

- unha descrición xeral do aparello;
- probos da conformidade coas normas harmonizadas, se existen, aplicadas total ou parcialmente;

- cando o fabricante non aplicase normas harmonizadas, ou só o fixese parcialmente, unha descrición e explicación das medidas adoptadas para cumprir os requisitos esenciais deste real decreto, incluída unha descrición, se é o caso, da avaliación da compatibilidade electromagnética establecida no punto 1 do anexo II, os resultados dos cálculos realizados no seu deseño, os exames efectuados, os informes de ensaio, etc.

- unha declaración do organismo notificado, cando se siga o procedemento a que se refire o anexo III.

2. Declaración CE de conformidade

A declaración CE de conformidade, redactada nalgunha das linguas oficiais da Unión Europea e preferentemente en castelán para os aparellos comercializados en España, deberá conter, polo menos, o seguinte:

- unha referencia a este real decreto ou á propia Directiva 2004/108/CE, do 15 de decembro;

- a identificación do aparello a que fai referencia, consonte o establecido no punto 1 do artigo 10;

- o nome e o enderezo do fabricante e, cando proceda, o nome e o enderezo do seu representante autorizado dentro da Comunidade Europea;

- unha referencia datada ás especificacións conforme as cales se declara a conformidade, co obxecto de garantir a conformidade do aparello coas disposicións deste real decreto;

- a data de emisión da declaración e

- a identificación e sinatura da persoa facultada para comprometer o fabricante ou o seu representante autorizado.

Se a declaración de conformidade está realizada tal e como se indica na norma EN 45014, presumirase que é conforme co establecido neste anexo.

ANEXO V

Marcación CE a que se refire o artigo 9

A marcación CE consistirá nas iniciais «CE» coa seguinte forma:



A marcación CE deberá ter unha altura de polo menos 5 mm. Se a marcación CE se reduce ou amplía, deberán respectarse as proporcións indicadas no anterior debuxo graduado.

A marcación CE deberase colocar no aparello ou na súa placa de características. Cando non sexa posible ou non se poida garantir debido á natureza do aparello, deberase colocar no envase, en caso de que exista, e nos documentos que o acompañen.

Cando o aparello estea suxeito a outras directivas comunitarias que cubran outros aspectos e que tamén prevexan a marcación CE, este último suporá que o aparello tamén é conforme co establecido nesoutras directivas.

Non obstante, cando unha ou máis destas directivas lle permitan ao fabricante, durante un período transitorio, elixir as disposicións de aplicación, a marcación CE só suporá a conformidade coas directivas aplicadas polo fabricante. Neste caso, deberán darse detalles sobre as directivas aplicadas, tal como se publicasen no «Diario Oficial de la Unión Europea», nos documentos, indica-

cións ou instrucións que exixan as directivas e que acompañen tales aparellos.

ANEXO VI

Cráterios para a avaliación dos organismos que se deban notificar

1. Os organismos notificados polos Estados membros deberán cumprir as seguintes condicións mínimas:

- a) dispoñibilidade do persoal e dos medios e equipamentos necesarios;
- b) competencia técnica e integridade profesional do persoal;
- c) independencia na elaboración dos informes e na realización da función de verificación prevista por este real decreto;
- d) independencia do persoal xeral e técnico con respecto a todas as partes interesadas, grupos ou persoas directa ou indirectamente relacionados co equipamento en cuestión;
- e) mantemento por parte do persoal do segredo profesional e
- f) tenza dun seguro de responsabilidade civil a non ser que a devandita responsabilidade estea cuberta polo Estado consonte o dereito nacional.

2. As autoridades competentes comprobaran periodicamente o cumprimento das condicións establecidas no punto 1.

3. Cando o organismo que desexa ser notificado para equipamentos de telecomunicación acredite o cumprimento da norma EN 45011, avaliada por unha entidade de acreditación reconecida na Unión Europea, presumirase que cumpre cos requisitos anteriores. Non obstante, neste caso, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá establecer requisitos adicionais relativos ás condicións que debe cumprir o devandito organismo.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

1112 *ORDE EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, pola que se aproban os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda. («BOE» 17, do 19-1-2007.)*

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, introduciu determinadas modificacións no ámbito das rendas suxeitas a retención e ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas que se concretan en dous novos supostos de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta tipificados nos preceptos contidos no parágrafo d) do número 5 e no terceiro parágrafo do número 6 do seu artigo 101. No primeiro dos citados preceptos incorpóranse, dentro dos rendementos derivados de actividades económicas suxeitos a retención ou ingreso á conta, os procedentes das actividades empresariais que determinen o seu rende-

mento neto polo método de estimación obxectiva, nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan, fixándose no 1 por 100 a porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable sobre eles; no segundo, pola súa parte, decláranse suxeitas a retención ou ingreso á conta do 18 por 100 as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos que regulamentariamente se establezan.

El Real decreto 1576/2006, do 22 de decembro, polo que se modifican en materia de pagamentos á conta o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, desenvolve a previsión legal das novas obrigas de reter ou ingresar á conta.

Así, en relación cos rendementos derivados das actividades empresariais exercidas por contribuíntes que determinen o seu rendimento neto consonte o método de estimación obxectiva, a nova obriga de reter e ingresar á conta non se establece sobre a totalidade de actividades a que resulta aplicable este método, senón unicamente sobre aquelas en que con maior frecuencia se desenvolven operacións entre empresarios. Débese sinalar, a este respecto, que o sometemento a retención ou ingreso á conta destes rendementos é consecuencia tamén da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e que persegue basicamente unha función de control daquelas operacións que efectúan os empresarios que determinan os rendementos da súa actividade polo método de estimación obxectiva con outros empresarios. A especificación e identificación destas actividades realízase no artigo 93.6 do Regulamento do imposto, como é usual no método de estimación obxectiva, por referencia ao grupo ou á epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas e á descrición da actividade económica desenvolvida. Polo que respecta ás ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos, os artigos 97.2 e 103.2 do Regulamento do imposto recollen, respectivamente, as retencións e ingresos á conta que se deberán practicar sobre estas rendas.

Á marxe destas novidades, a regulación das obrigas formais e materiais do retedor ou obrigado a ingresar á conta relativas á declaración e ingreso periódico das cantidades retidas ou dos ingresos á conta que correspondan polo período que é obxecto de declaración non incorpora ningunha modificación respecto do establecido na normativa anterior.

Neste sentido, o punto 1 do artigo 106 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas dispón que o suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro Público. Non obstante, cando se trate de retedores ou obrigados que teñan a consideración de grandes empresas ou de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio do exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, a declaración e ingreso realizarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, salvo a correspondente ao mes de xullo, que se efectuará durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.